



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Samos, sendo as trece horas do día **CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, D. José Antonio Real Vázquez, D. José Aurelio López López e D. Manuel López Armesto, asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fe do acto, co obxecto de celebrar sesión “**ordinaria**” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Aberto o acto pola presidencia procédese a tratar os asuntos que figuran na orde do día da convocatoria, que son do teor seguinte:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES DE DATAS 31.05.2016 E 03.06.2016.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación aos borradores das actas das sesións anteriores de datas 31/05/2016 e 03/06/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Tódolos asistentes sinalan que non teñen ningunha obxección, polo que quedan aprobados nos termos nos que están redatados por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor), sendo nove (9) o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o 31 de maio ata o 1 de agosto de 2016.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

3º.- DAR CONTA DA ACTUALIZACIÓN E DATOS DE EXECUCIÓN DO PRESUPUESTO E/OU ESTADOS FINANCIEROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACIÓN, CON MOTIVO DA RENDICIÓN DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede á palabra á Secretaría-Intervención para que dé conta aos Sres. concelleiros que en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, na redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, en data 29/07/2016 rendiuse pola Secretaría-Intervención a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais, a actualización e datos de execución do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administracións públicas da corporación con motivo da rendición das obrigas trimestrais de subministro de información *correspondente ao 2º trimestre do exercicio de 2016*.

O resguardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.



Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede a palabra á Secretaría-Intervención que dá conta aos Sres. concelleiros do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2016, o cal foi rendido por Secretaría-Intervención con data 29/07/2016 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. O detalle do informe é:

Ratio operacións pagadas: -14,93
Importe pagos realizados: 87.726,24 €
Ratio operacións pendentes: -26,68
Importe pagos pendentes: 7.319,87 €
PMP: -15,83

PMP Global:
Importe pagos realizados: 87.726,24 €
Importe pagos pendentes: 7.319,87 €
PMP: -15,83

O signo negativo tanto nas operacións pagadas como nas pendentes de pago indica que o concello paga antes do transcurso dos trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra ou que ao final do período para a remisión da información aínda non transcurriu, nas operacións pendentes de pago, esos trinta días.

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2017.

Vista a Proposta de Alcaldía de data 01/08/2016 que a continuación se reproduce:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2017

Visto o escrito con RXE nº 2016/822 en data 16 de xuño remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Delegación Territorial de Lugo, na que se comunica que co obxecto de elaborar o calendario laboral para o ano 2017 para esta provincia, dacordo coa normativa vixente, e en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983 do 28 de xullo, deberase notificar a esa Xefatura Territorial os dous días que se fixan como festas locais no concello, así como a denominación da festividade que se celebra, tendo como data límite para a referida notificación o 30 de setembro de 2016, entendéndose de non ter entrada no Rexistro Xeral da citada Xefatura antes de dita data, que este concello renuncia ao sinalamento das festas locais, optando polas fixadas para o ano 2016.



Visto que tales festas non deben coincidir en domingo nin en ningún dos días sinalados como festivos autonómicos ou de ámbito estatal, e que son os que seguen:

6 de xaneiro	Día de Reis
13 de abril	Xoves Santo
14 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas*
25 de xullo	Día Nacional de Galicia*
15 de agosto	Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada
25 de decembro	Nadal

* Datas declaradas como festivas no Calendario Laboral Autonómico

ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Sinalar como festas locais do Concello de Samos para o ano 2017 os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Martes de Entroido	28 de febreiro
Luns de San Benito	10 de xullo

SEGUNDO: Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Delegación Territorial de Lugo.

En Samos, a 1 de agosto de 2016. O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure.”

O Sr. alcalde sinala que se propoñen as mesmas datas de sempre, intervindo o Sr. concelleiro D. José Antonio Real para sinalar que mantén o dito con relación a este asunto na sesión Plenaria do ano pasado, que son as de sempre dende que están no mandato, antes non era festivo local o luns de San Benito, senón o 9 de xaneiro, día de S. Xulián e Sta. Basilisa, que é a que debería ser.

Se abre o turno das votacións, e con oito votos a favor dos Sres. Concelleiros D. Julio Gallego Moure, D. José Antonio Garcia Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, D. Manuel López Armesto e D. José Aurelio López López, un voto en contra do Sr. Concelleiro D. José Antonio Real Vázquez e ningunha abstención, **o Pleno Corporativo adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO: Sinalar como festas locais do Concello de Samos para o ano 2017 os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Martes de Entroido	28 de febreiro
Luns de San Benito	10 de xullo



SEGUNDO: Dar traslado deste Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Delegación Territorial de Lugo.

6º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO NOME DA RÚA AVDA. GENERALÍSIMO DE SAMOS.

Sinala o Sr. alcalde que abertos os sobres coas propostas formuladas polos veciños hai dúas opcións, ou votar cada unha das formuladas, ou someter a votación a que máis propostas tivo, que foi Avda. de Compostela. Se acorda por unanimidade dos sres. concelleiros someter a votación só a máis proposta.

Se procede á votación, e por unanimidade dos nove (9) membros que de dereito compoñen o Pleno Corporativo, se **ACORDA** aprobar a modificación do nome da ata agora rúa Avda. Generalísimo de Samos, pasando a ser a nova denominación Avda. de Compostela. O Sr. alcalde indica que se procederá cos trámites necesarios para a efectividade deste Acordo.

Toma a palabra o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, o Sr. López, para manifestar que se debería concretar cales son eses trámites, que a secretaria municipal debería indicar os pasos a seguir.

O Sr. alcalde sinala que se procederá a poñer as placas e demais tramitación, foi o seu partido os que adoptaron o acordo de modificar o nome da rúa e non o levaron a efecto.

Manifesta o Sr. López que no ano 2012 xa pedimos nun Pleno que se levaran a cabo os trámites correspondentes para cambiar o nome da rúa, xa se propuxera, e dixo que había que facer un montón de trámites e agora non...

Intervén o Sr. García Jurjo que sinala que daquela era máis complicado porque a rúa se partira con dúas denominacións.

O Sr. Real manifesta que algún trámite haberá que facer, dar traslado ás Administracións correspondentes...

O Sr. alcalde da por rematado este asunto, e pasa ao seguinte da orde do día.

7º.- MOCIÓN CxG- , PROPOÑENDO QUE POLA SECRETARIA DO CONCELLO SE IDENTIFIQUE A TITULARIDADE DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE SAMOS.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/1015 en data 29 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dadas as discusións sobre a titularidade do pavillón de deportes de Samos, sobre todo cando se trata de acometer obras nel.



Propoño ó Pleno o seguinte:

ACORDO

Que se identifique dita titularidade por parte da Sra. Secretaria do Concello.”

Rematada a lectura da moción se abre a quenda das intervencións, coas seguintes:

- SR. ALCALDE.- Penso que con presentar solicitude no Rexistro chegaría, non ten por qué ir a Pleno, e a rechazamos por este motivo.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Pero xa que se formulou a moción pódese identificar por Secretaría, non?

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Non vemos inconveniente en que plantexada a moción, se identifique a titularidade...

A secretaria municipal solicita a palabra ao Sr. alcalde para sinalar á Corporación que si se plantexa unha moción ao Pleno, ésta é unha proposta que ten que ser votada no mesmo, non sen máis identificar a titularidade, para iso procedería formular solicitude a través rexistro xeral de entrada.

Non habendo máis intervencións, ábrese a quenda das votacións co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (1 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

8º.- MOCIÓN PRESENTADA POR CxG-, PROPOÑENDO QUE SE REPAREN OS ACCESOS Ó POBO DE VIGO DO REAL, TANTO DESDE RENCHE COMO O QUE VAI POR LUSIO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/1016 en data 29 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado actual das pistas de acceso ó núcleo de Vigo do Real tanto a que leva a dito pobo dende Renche, como a que vai dende Lusío, son catastróficos, facendoas pronto intransitables como non se acometa unha urxente reparación.



Dadas as numerosas queixas por parte dos veciños, que ven como pasa o tempo e non se lles fai caso algún, e que sufren, en algúns casos, desperfectos nos séus vehículos:

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se reparen ditos accesos ó pobo de Vigo do Real, con un arranxo completo como corresponde ós tempos en que estamos.”

Rematada a lectura da moción e tras as únicas intervencións do Sr. Alcalde, para sinalar que xa están ao tanto e que cando se dispoña dos medios necesarios se amañará, e do Sr. Real do Grupo mixto para manifestar que é urxente dita reparación, o Pleno Corporativo procede á votación arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (2 do Grupo municipal do Partido Popular e 1 do Grupo mixto)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.

9º.- MOCIÓN DE CxG, PROPOÑENDO QUE AS CONSTRUCCIÓNS E EDIFICACIÓNS AUXILIARES DAS VIVENDAS RURAIS ASÍ COMO TODAS AS EDIFICACIÓNS VINCULADAS Á ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA TEÑAN EXENCIONS NO IBI, E QUE NON HAXA QUE PAGAR A TAXA DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL EN AQUELAS OBRAS DE REHABILITACIÓN OU CONSERVACIÓN DE EDIFICACIÓNS VINCULADAS A ACTIVIDADE AGRARIA, ASÍ COMO QUE NON SE LLES ESIXA AOS PROPIETARIOS PAGOS RETROACTIVOS DE EJERCICIOS ANTERIORES DO IBI.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2016/1017 en data 29 de xullo para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Partindo da base de que todos coñecemos o proceso de regulación catastral, lei 16/2012, mais coñecida por “Catastrazo” estaremos de acordo que estamos diante dun procedemento absolutamente inxusto, que se dirixe preferentemente sobre persoas con menor nivel de renda, e sobre todo, en concellos con menor dinamismo económico, e ademáis que afectará maiormente a propietarios que teñan as propiedades destinadas á actividade agraria, que ademais atravesa dificultades especiais pola parálise e falta de apoio dos Gobernos.



Polo tanto, propoño que o Pleno do Concello rexeite o avance deste proceso, dado que incrementará a carga fiscal sobre moitas persoas propietarias de pequenos patrimonios no rural , e que ademais teñen vinculadas as edificacións e instalacións á actividade agraria como medio fundamental de vida, en ningún caso a posesión do seu patrimonio inmobiliario significa unha fonte para obter rendementos senón simplemente un medio para desenvolver unha actividade económica, que ademais contribúe ao mantemento do medio natural e da paisaxe.

Polo que, propoño ó Pleno a adopción do seguinte :

ACORDO

1º.- que todas as construcións e edificacións auxiliares das vivendas rurais así como todas as edificacións vinculadas á actividade agraria ou gandeira teñan exencións no IBI, e que non haxa que pagara a taxa de regularización catastral en aquelas obras de rehabilitación ou conservación de edificacións vinculadas a actividade agraria, así como que non se lles esixa aos propietarios pagos retroactivos en exercicios anteriores do IBI.”

Rematada a lectura da moción, procédese coas intervencións seguintes:

SR. ALCALDE.- Eso non lle afecta só aos gandeiros, afecta a todos.

SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Na moción dixen “maiormente”.

SR. ALCALDE.- Recórdolle que a regularización catastral saíu publicada no BOE, por tanto é unha Lei do goberno central do PP, e nós contra a Lei non podemos ir, ademais o pobo revalidou co seu voto as decisións tomadas polo goberno de Rajoy como se viu nas pasadas eleccións, por iso se vostede quere reclamar no Congreso dos Diputados, fágao. Respecto ao IBI, vai do 0,3 ao 0,9 e en Samos aplícase o 0,4 debido a que o concello está saneado, sen débedas, senón teríamos que aplicar o 0,9 regulamentado por Lei.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Penso que lle corresponde a vostede como alcalde dita petición, eu non é por non pedilo, se hai que pedilo o fago, pero creo que lle corresponde a vostede como representante do concello.

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Entendemos que o que se paga en Samos é unha porcentaxe mínima do IBI. O tipo mínimo establecido legalmente é o 0,3% polo que o 0,4% fixado en Samos creemos que é razoable, non como pasa coa taxa do lixo, cuxa subida pareceunos desproporcionada e coa que estamos en total desacordo.

Procédese á votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)

Votos en contra: 8 (6 do Grupo municipal socialista e 2 do Grupo municipal do Partido Popular)

Abstencións: ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.



10º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde abre o turno de asuntos urxentes, sen que se plantexe ningún.

Neste punto o Sr. alcalde explica aos Sres. concelleiros que se o estiman conveniente se inclúe na orde do día da convocatoria como asunto urxente a adopción dos acordos que procedan en relación coa aprobación da modificación da Ordenanza nº 29 Reguladora da Administración Electrónica, nos seus arts. 6 e 11, necesaria para o proceso de implantación da Administración electrónica, e cede a palabra á secretaria municipal. A secretaria municipal xustifica a urxencia sinalando que é necesario modificar a sede electrónica do concello recollida na Ordenanza nos citados artigos, xa que a mesma era a establecida para a implantación a levar a cabo a través do Proxecto Innova-TE desenvolvido pola Deputación Provincial de Lugo, que finalmente non se levou a cabo, e é mellor adoptar canto antes os acordos que procedan sen esperar ao próximo Pleno para iniciar a tramitación legal de exposición ao público da aprobación provisional durante trinta días como mínimo, e que poida xa estar aprobada definitivamente e publicada o 1 de outubro, data límite na que ten que estar operativa. Non se tivo coñecemento da mesma ata o mércores 3 de agosto, polo que non se puido incluír na orde do día da convocatoria.

Se procede á súa votación, e por unanimidade dos nove membros de Dereito que compoñen a Corporación, se acorda a súa inclusión na orde do día da convocatoria como asunto urxente.

11º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 29 REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 3 de agosto de 2016 inicie o expediente para modificar os arts. 6 e 11 da “Ordenanza nº 29 Reguladora da Administración Electrónica”, e solicítuse informe de Secretaría-Intervención en relación co procedemento e lexislación aplicable, o cal foi emitido na mesma data .

Vista a Proposta de Alcaldía de data 3 de agosto de 2016, do teor literal seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 29 REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Vista a “Ordenanza nº 29 Reguladora da Administración Electrónica” (B.O.P de Lugo nº 105 de data 10/05/2011, con posterior modificación publicada no B.O.P. de Lugo nº 34 de data 11 de febreiro de 2014), cuxos artigos 6 e 11 establecían como sede electrónica a seguinte: sede.concellosamos.es.

Visto que a implantación da Administración Electrónica no concello de Samos non se realizou finalmente a través do proxecto Innova-TE desenvolvido pola Deputación Provincial de Lugo, como estaba previsto inicialmente, facendo necesario cambiar o punto de acceso electrónico xeral a través do cal a cidadanía pode acceder a toda a información e servizos dispoñibles do concello de Samos, e polo tanto, tamén a sede electrónica deste concello, polo que se fai necesario modificar os arts. 6 e 11 da citada Ordenanza Reguladora, os cales tiñan a seguinte redacción:



“ ...

Artigo 6. Medios de acceso aos servizos electrónicos

...

b. ...

O punto de acceso xeral a través do cal a cidadanía pode, nas súas relacións coa Administración, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: sede.concellosamos.es

...

Artigo 11. A Sede Electrónica do Concello de Samos.

Establécese como sede electrónica xeral da Administración Local o punto de acceso electrónico xeneral, sede.concellosamos.es. ...

“ ...”

Visto o informe xurídico de Secretaría-Intervención que figura no expediente.

Á vista de todo o que antecede, **ESTA ALCALDÍA PROPÓN QUE O PLENO DO CONCELLO DE SAMOS**, órgano competente segundo o art. 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **ADOpte OS SEGUINTEs ACORDOS:**

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza nº 29 Reguladora da Administración Electrónica”, de xeito que os seus arts. 6 e 11 pasarán a ter a seguinte redacción:

“ ...

Artigo 6. Medios de acceso aos servizos electrónicos

...

b. ...

O punto de acceso xeral a través do cal a cidadanía pode, nas súas relacións coa Administración, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: <http://concellosamos.sedelectronica.gal>

“ ...”

Artigo 11. A Sede Electrónica do Concello de Samos.

Establécese como sede electrónica xeral da Administración Local o punto de acceso electrónico xeneral, <http://concellosamos.sedelectronica.gal>...

“ ...”

SEGUNDO: Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do acordo provisionalmente adoptado no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web e do anuncio de exposición no BOP, sinalando un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: No caso de presentarse alegacións, resolveranse polo Concello en Pleno. En caso contrario o Acordo provisional entenderase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario ao abeiro do art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

CUARTO: Publicar o Acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a tal categoría, así como o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.



QUINTO: De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as modificacións introducidas no Regulamento entrarán en vigor unha vez efectuada a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorridos 15 días hábiles.

En Samos, a 3 de agosto de 2016.

O alcalde,

Asdo.- Julio Gallego Moure.”

Sen que se produzan intervencións, o Pleno Corporativo, órgano competente de conformidade cos arts. 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por unanimidade dos nove (9) membros que de Dereito o compoñen, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza nº 29 Reguladora da Administración Electrónica”, de xeito que os seus arts. 6 e 11 pasarán a ter a seguinte redacción:

“ ...

Artigo 6. Medios de acceso aos servizos electrónicos

...

b. ...

O punto de acceso xeral a través do cal a cidadanía pode, nas súas relacións coa Administración, acceder a toda a información e aos servizos dispoñibles será o seguinte: <http://concellosamos.sedelectronica.gal>

... ”

“Artigo 11. A Sede Electrónica do Concello de Samos.

Establécese como sede electrónica xeral da Administración Local o punto de acceso electrónico xeneral, <http://concellosamos.sedelectronica.gal>...

... ”,

SEGUNDO: Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do acordo provisionalmente adoptado no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web e do anuncio de exposición no BOP, sinalando un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: No caso de presentarse alegacións, resolveranse polo Concello en Pleno. En caso contrario o Acordo provisional entenderase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario ao abeiro do art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

CUARTO: Publicar o Acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a tal categoría, así como o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO: De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as modificacións introducidas no Regulamento entrarán en vigor unha vez efectuada a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorridos 15 días hábiles.



12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ao presentado en escrito con R.X.E. nº 2016/1014 en data 29 de xullo, e que a continuación se transcribe:

“ 1.- Que se solicite á Excm. Deputación de Lugo que, de paso que se limpan as cunetas das pistas, se limpen as bocas dos tubos de acceso ás fincas.”

- SR. ALCALDE.- En principio que eu saiba xa se limparon, se quedou algunha avisaremos para a próxima vez.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Sí, quedaron algunhas...

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das **PREGUNTAS**, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X.E. nº 2016/1014 en data 29 de xullo, e que a continuación se transcriben:

“ 1.- Cando se van a iniciar as xestións para organizar a feira ou mercado mensual ? ”

- SR. ALCALDE.- Creo que vostede quedou encargado de facer a feira e o concello facerlle a burocracia, pero vostede non fixo ningún tipo de solicitude, nin dixo cándoo quería facela, nin nada de nada, por tanto descoñecemos cándoo, cómo e ónde quere facela, nós estamos esperando a que decida e solicite os permisos correspondentes.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- ¿Cómo o vou a facer eu? Eu non son quén, ¿un concelleiro da oposición? ¿vostede delega en mín?

- SR. ALCALDE.- Propón unha moción e non fai nada...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- A moción aprobouse no Pleno

- SR. ALCALDE.- Sí, pero se aprobou co seu voto e o do PP, nós abstivémonos, e iso foi o que se dixo daquela. Seguinte pregunta.

“ 3.- Cando se van a pintar de amarelo os bordillos das esquinas do cruzamento da Rúa da Torre coa Praza e cando se vai a colocar o espello que se ía solicitar a COTOP para poñer no centro de saúde como foi aprobado no Pleno de Decembro ?”

- SR. ALCALDE.- Xa foi solicitado á COTOP, pero de momento non tivemos ningunha resposta.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Vale.

Cando xa se iban a dar por rematadas as preguntas, solicita a palabra a secretaria municipal que advirte ao Sr. Real que lle quedou sen formular a pregunta nº 2, e éste procede á lectura da mesma:



“ 2.- Por qué este ano hai un membro menos da brigada do lume, perdendo así un posto de traballo ?.”

- SR. ALCALDE.- Debería preguntarlle á Xunta de Galicia porque nós fixemos a mesma solicitude que en anos anteriores, eles foron os que nos mandaron o número de traballadores.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,